



# A eutanasia: unha visión teolóxico-moral

---

Xosé Manuel Caamaño López<sup>1</sup>

## Introdución

Aínda que a problemática ao redor da eutanasia é unha cuestión que leva tempo sobre a mesa do debate público, hai momentos nos que a discusión tórnase máis candente, algo que leva pasando desde hai varios meses debido ao proceso encamiñado á súa legalización. Ao mesmo tempo iso provoca que se converta non só en obxecto de debate político ou mediático, senón tamén relixioso, dado que as declaracións procedentes de diferentes ámbitos eclesiais véñense multiplicando desde hai tempo. No caso do noso país destaca o recente documento da Subcomisión Episcopal para a Familia e Defensa da Vida titulado *Sembradores de esperanza. Acoller, protexer e acompañar na etapa final desta vida* (4 de decembro de 2019). A nosa intención no presente escrito non é analizar as cuestións técnicas acerca da eutanasia nin tampouco os argumentos xurídicos ou ideolóxicos que están detrás da mesma, senón ofrecer unha aproximación teolóxico-moral á súa problemática.

Porque certamente a morte é un feito universal que afecta a todos os seres vivos. Ningún pode escapar das garras da súa inevitabilidade. Trátase do desenlace final de todo aquilo que ten un comezo, o feito indiscutible da súa propia condición. Pero, paradoxalmente, sendo a morte a característica radical de igualación entre os seres,

---

<sup>1</sup> Xosé Manuel Caamaño López é director da Cátedra Francisco José Ayala de Ciencia, Tecnoloxía e Relixión (ICAI) e profesor da Facultade de Teoloxía da U. Pontificia Comillas. Tamén é membro do Consello de redacción a revista Encrucillada.

con todo é o que a máis distancia pon a uns doutros, unha dos seus principais sinais de diferenciación, especialmente no caso do ser humano. De feito, é el o único que pode «realmente» vivila por ser o único que pode ser absolutamente consciente dela e decidir a maneira de afrontala. O teólogo alemán Karl Rahner chegou a dicir que «o animal morre menos ‘mortalmente’ ca nós», precisamente porque xa na nosa vida facémonos dalgún modo inmortais e «é tan mortal para nós o morrer e a aparencia de ocaso que alí ameaza e que nunca pode penetrarse» (1998, 503). A morte é un dos grandes interrogantes lanzados á vida humana, o maior dos misterios ante o cal os seres humanos se confrontan directamente co mal e coa finitude. Desconcerta sempre polos seus paradoxos e contradicións, pois sendo o máis natural non deixa de ser o máis violento, e sendo o máis obvio convértese no máis incompreensible. Pero ademais de ser un feito en último termo incompreensible, a morte e o proceso de morrer interprétanse e vívense de diferente maneira dependendo da perspectiva desde a cal se afronte. Neste sentido a teoloxía non só proporcionou sempre unha determinada maneira de comprender a morte, senón tamén uns criterios que permiten vivir o proceso final da vida dunha forma peculiar, o cal non implica que teña en todos os casos que ser única e distinta con respecto a outras perspectivas particulares. En calquera caso, e do mesmo xeito que ocorre en gran parte de situacións de vulnerabilidade e sufrimento, as relixións e as súas diferentes concrecións históricas sempre foron elementos fundamentais nas proximidades da morte e de todo o que ela leva consigo para a vida tanto de quen vai morrer como daquelas persoas máis ou menos próximas ao propio moribundo. Dito doutra maneira: aínda que a eutanasia non é unha cuestión teolóxica (cousa tan subliñada por Torres Queiruga en diversos estudos), a perspectiva relixiosa ofrece sempre unha maneira precisa de afrontar a morte e o proceso mesmo do morrer.

Evidentemente, e a pesar do interese que poidan suscitar outras comprensións do ser humano e da vida, centrarémonos neste lugar na achega da teoloxía cristiá e católica ás problemáticas que rodean o final da vida humana. Con todo, as similitudes entre as



www.encrucillada.gal

Só ten acceso ao artigo completo o/a  
subscritor/a (en dixital ou en papel)

Se desexa subscribirse prema na seguinte ligazón:

<http://www.encrucillada.gal/index.php?s=3>